

Vigo, 18 de setembro de 2014.

Estimado Director ou Directora:

O motivo da presente é poñer no seu coñecemento que o Programa KTORCE-18 (Programa de prevención de condutas infractoras) da Asociación ARELA está comezando a súa nova andaina para o curso 2014 – 2015. Este Programa pretende achegar a Lei 5/2000 de responsabilidade penal dos menores aos seus protagonistas, os adolescentes e mozos. Dende que a Fundación Barrié comezou a colaborar co Programa KTORCE-18, a partires do curso 2012 – 2013, incrementouse enormemente a demanda, impartíndose no curso 2013 – 2014, 121 charlas para adolescentes, pais e nais, e persoal docente, nas que participaron 5709 persoas (fronte ás 4.208 do curso anterior).

No curso 2013 - 2014 dentro das actividades do programa KTORCE-18, realizáronse un total de **105 charlas con alumnos e alumnas**, nas que participaron **4949 adolescentes e 343 mestres e mestras**. A media do **índice de satisfacción** dos participantes nas charlas foi dun **4,5 sobre 5 puntos**. Igualmente, realizáronse un total de **16 charlas con pais e nais**, nas que participaron **385 persoas e 32 mestres e mestras**, cun **índice de satisfacción** dos participantes dun **4,62 sobre 5 puntos**. Os quilómetros percorridos por toda a xeografía galega polos profesionais da Asociación ARELA no curso 2013 – 2014 ascenden a 14.540, o que da idea do enorme interese suscitado polas charlas.

¿En qué consiste o PROGRAMA KTORCE-18?

- Ofertar unha charla divulgativa para os alumnos de entre 2º e 4º de ESO, de 100 minutos de duración, cun claro obxectivo preventivo das condutas infractoras máis salientables nos adolescentes, facendo especial fincapé no acoso escolar, as redes sociais, o maltrato familiar, ... e en todos aqueles temas e situacións que viven de cerca os adolescentes, explicando as consecuencias legais e a responsabilidade dos menores nas mesmas.
- Ofertar, igualmente, unha charla divulgativa para pais e nais (de 90 minutos de duración), co obxectivo de informar sobre as consecuencias legais dos delitos cometidos polos fillos menores de idade, así como as implicacións familiares que se derivan dos mesmos. Para estas charlas, requírese a confirmación de, polo menos, 25 persoas.
- Ofertar materiais didácticos e actividades para a aula, co fin de seguir afondando no traballado nas charlas, a través do portal <http://www.educabarrie.org/>
- Cartaz "Tes preguntas? Temos respostas". A finais do curso 2013 – 2014 deseñouse un Cartaz para repartir nos centros educativos de Galicia cun código QR, a través do que os alumnos e alumnas acceden ó apartado de preguntas e respostas da Web de ARELA, www.arel.org, para que poidan plantexar as súas dúbidas sobre cuestións que, ou ben non se atreveron a preguntar durante a charla, ou ben xurdiron despois da mesma. Nun prazo de 24 horas, os e as profesionais de ARELA contestarán vía correo electrónico ás preguntas recibidas.
- Receita de cociña "Adolescente ó pil pil". A finais do curso 2013 – 2014, tamén deseñouse un marcapáxinas cunha receita de cociña "Adolescente ó pil pil" que, en clave de humor, explica as ideas fundamentais de cara a estar ó lado e educar a un ou unha adolescente. Esta receita está previsto repartila nas charlas destinadas ás familias.

¿Qué precisamos?:

- Un grupo de alumnos e alumnas (ata 80, aproximadamente).



- Unha aula onde realizar a charla, que conte con ordenador, pantalla ou parede na que proxectar e son.

Custe:

No curso 2014 - 2015 a participación nas xornadas divulgativas terá un **custe de 40 euros** para unha charla e de **50 euros** se, na mesma xornada, impártense dúas charlas. Con isto se axudará á financiar os gastos derivados das mesmas (materiais, desprazamentos, persoal, ...). Durante cada xornada, poderán organizarse un máximo de 2 charlas. Sen embargo, non queremos que ninguén deixe de participar no programa polo custe do mesmo, polo que no caso de non contar con orzamento no seu centro para este tipo de actividades estaremos encantados de acudir igualmente.

¿Cómo solicitalas?

Se están interesados en que impartamos esta charla no seu centro educativo, poden poñerse en contacto con nos a través dos seguintes medios:

- do correo electrónico ana@arela.org;
- do teléfono 986.212.537;
- da páxina web <http://www.arela.org/programa-de-prevencion-de-condutas-infractoras.html>

¿Quen somos?:

Asociación ARELA: ten como misión o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en situación de desprotección e/ou conflito social, fomentando iniciativas de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

Para lograr a consecución da súa misión ARELA desenvolve os seguintes servizos:

- Servizo de Casas de Familia: presta acollemento residencial a nenos, nenas, adolescentes e mozos en situación de desprotección.
- Servizo de Centros de atención de día integral: presta atención diúrna integral a nenos, nenas e adolescentes en risco de exclusión.
- Servizo de Centros de Día para adolescentes e mozos en conflito social: executa medidas xudiciais en medio aberto con adolescentes e mozos en conflito social.

Educabarié: é a contribución da Fundación Barrié á comunidade educativa, na procura da posta en valor do talento compartido, xa que a educación é o eixo da actividade da Fundación que desenvolve prioritariamente en Galicia, proxectos en 3 áreas de actuación: educación e investigación, patrimonio e cultura, e acción social.

Esperando poder colaborar con vostedes proximamente, despedímonos cun cordial saúdo.

Asdo. Ana Pérez Figueroa
Coordinadora de Reforma da Asociación ARELA

